

FESTA DA VIRXE DA MADALENA NO MILLADOIRO

A música, protagonista das Festas da Madalena no Milladoiro

Cinco noites de actuacións con Panorama ou Combo Dominicano

B. C. [AMES]

Os dous núcleos principais de Ames, O Milladoiro e Bertamiráns, únense este ano para celebrar as festas. Do 2 ao 6 de agosto é a quenda das Festas da Madalena, nas que a gran protagonista é a música.

O MillaRock, o 2 de agosto, dará o pistoletazo de saída coas actuacións de Dakidarría, Agrophobia, Biribirlocke y Onda Dagda. A Casa do Rock, escola de Santiago de Compostela, encárgase dos concertos didácticos deste programa e dos obradoiros mu-

sicais. O festival, organizado polo Concello de Ames, será no auditorio da zona verde de O Milladoiro. A entrada é de balde e o público poderá utilizar os buses a Bertamiráns e Santiago.

A orquestra Metrópolis chegará co seu tour na noite do 3 de agosto. Será un sábado de moitos bailes e temazos.

Un dos pratos fortes chega o domingo 4 de agosto coa actuación do Combo Dominicano. Fundada en 1992, esta orquestra é todo un fenómeno entre nenos e maiores. Son auténticos



Presentación das festas. // ECG

HOXE, VENRES 2 DE AGOSTO, TERÁ LUGAR O MILLAROCK, CON GRUPOS COMO DAKIDARRÍA

As festas que honran á Virxe da Madalena —tamén haberá actos relixiosos en O Milladoiro durante estas xornadas, como é habitual cada ano— rematan o martes 6 de agosto cunha verbena protagonizada pola orquestra Gran Parada, que fará bailar a todos os presentes.



Casa da Cultura
CAFETERÍA

- Racións
- Sandwiches
- Tostas
- Postres
- Hamburguesas
- Bocadillos

Travesía do Porte s/n | MILLADOIRO • T. 981 538 406



LA TRASTIENDA DEL 7

RESTAURANTE TAPERÍA

AGRO DA VELLA, 7
MILLADOIRO - AMES
881 088 628



ópticavinte



RÚA TRAVESA, 1 BAIXO - 15895 MILLADOIRO - AMES

981 536 660

Neumáticos Low Cost



ALINEADO DE DIRECCIÓN 3D

NEUMÁTICOS NUEVO Y OCASIÓN

C/ Palmeiras, 56 A
Pol. Novo Milladoiro
15895 A CORUÑA
981 533 848

Avda. Aeroporto, 60
36206 VIGO
Pontevedra
986 138 890

www.neumaticoslowcost.es



MAGNAJURIDICA
ABOGADOS

"Más de 25 años de ayuda al lesionado"

Especialistas en accidentes:

- Tráfico • Laboral • Incapacidades



Rúa das Hedras N 2, 2F - Milladoiro (Ames) • Telf. 881 121 125 | www.magnajuridica.com

Renova as túas ventanas



Polígono NovoMilladoiro • Rúa da Xesta 748
15895 Milladoiro-Ames
T. 981 536 768 • ventanas@xagal.es

FESTA DA VIRXE DA MADALENA NO MILLADOIRO

As rutas para descubrir o mellor de Ames

É un dos poucos concellos galegos polo que discorren varios dos Camiños de peregrinación xacobe

B. C. [AMES]

O Concello de Ames, ao que pertence O Milladoiro, estes días en festas, ofrece varias rutas para descubrir pasaixes e coñecer elementos moi relevantes do patrimonio histórico, etnográfico e natural que alberga a comarca da Maía.

Ames é un dos poucos concellos galegos polo que discorren varios dos Camiños de peregrinación xacobe. Son dúas as rutas de peregrinación que discorren polo seu territorio: o Camiño Real de Santiago a Fisterra-Muxía e o Camiño Portugués.

Tamén conta coa Ruta de Riamonte, un percorrido circular de sete quilómetros e dificultade media, que permite coñecer o conxunto etnográfico dos muíños de Riamonte.

A senda verde é outro atractivo da zona. Trátase dun percorrido lineal de 12 quilómetros e dificulta-



Ponte Maceira nas Noites en Vela, na contorna de Ames e Negreira. // ECG

de media que une aos núcleos urbanos do Milladoiro e Bertamiráns.

A Ruta do Andoriña, de dificultade baixa, segue por 5,2 quilómetros o trazado deste pequeno regato, e ten a praia de Tapia como punto de saída e retorno. Permite coñecer varios elementos da arquitectura popular e relixiosa do concello.

A Ruta Rosaliana renovada transcorre polos concellos de Ames, Brión, Padrón e Santiago á beira do río Sar e seguindo o trazado marcado por Avelino Abuín de Tembra.

Ademais, o concello de Ames dispón dunha ruta ambiental que discorre pola marxe esquerda do rego dos Pasos. Trátase dunha ruta peonil. Durante o seu percorrido hai moitos carballos e árbores frondosas que fan dela unha ruta moi fresca, ideal para o verán.

A Ruta 8M constitúe un roteiro circular polas zonas verdes de Bertamiráns con saída e chegada ao Pazo da Peregrina. Ten unha versión curta de aproximadamente cinco quilómetros e outra longa que se estende até os 8 quilómetros.

Por último, dous mapas de Bertamiráns e do Milladoiro conforman a iniciativa Os Camiños da Saúde, que suxire á veciñanza diferentes percorridos para pasear entre puntos de interese dos dous principais núcleos urbanos do municipio, tendo en conta as distancias que se percorren, os pasos que se dan e o tempo que leva completalas.

PANADERÍA | PASTELERÍA | CAFETERÍA

Os mellores almozos e merendas con tostas, gofres, tortitas e moito máis!

Avda. Rosalía de Castro, 40 baixo
O Milladoiro - Tel. 696 01 24 36

Carnes y pescados a la brasa
Raciones
Postres caseros
Cafetería - Tapería
Amplia terraza

PARRILLA DE CARBÓN VEGETAL

Rúa do Rego, 10 • Milladoiro • T. 881 017 604

Visita
nuestra Web...
y ¡Síguenos!

Sta. Domingo de la
calzada, 41 1 Izq
tfn. 881 978 967
(Santiago)

Avd. da Peregrina, 1
tfn. 881 080 986
(Bertamiráns)

Reborido, 16
tfn. 881 95 70 90
(Galanos - Teo)

Pol. Empresarial Novo Milladoiro • Ames
Rúa das Hedras, 25B • T. 981 569 867 • www.nattexcompostela.es

Apuesta
por la
confianza

www.limpiezasgermania.es

Rúa das Palmeiras, 83 B1 • Pol. Ind. Novo Milladoiro • Milladoiro - Ames • ☎ 981 94 16 59